



Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para proceder á primeira fase do proceso de selección dos membros do grupo de expertos que actuarán como coordinadores técnicos das modalidades de competición para os campionatos de Formación Profesional Spainskills 2019, Worldskills 2019 e Euroskills 2020.

Este proceso de selección comprende dúas fases, a primeira corresponde ás administracións educativas das comunidades autónomas.

A resolución deste proceso de selección, segunda fase, é responsabilidade do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Este ditou unhas instrucións para que en coordinación coas comunidades autónomas proceder á selección dos membros do grupo de expertos que actuarán como coordinadores técnicos das modalidades de competición para os campionatos de Formación Profesional Spainskills 2019, Worldskills 2019 e Euroskills 2020.

Estas instrucións pódense atopar en <http://www.todofp.es/sobre-fp/competiciones-de-fp.html>

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa procede a convocar esta primeira fase de selección.

A nosa Comunidade Autónoma ven celebrando desde o ano 2010 o Campionato Galego de Formación Profesional Galiciaskills, estes campionatos están enmarcados nos campionatos de Formación Profesional Spainskills, nos internacionais Worldskills e nos europeos Euroskills. Para a organización do campionato nacional, así como a participación nos internacionais requírese da colaboración dun experto para cada unha das modalidades que se convoquen a nivel nacional, ou se participe a nivel internacional. Este profesorado debe pertencer ao profesorado que imparte ensinanzas na formación profesional do sistema educativo e a súa designación debe responder aos principios de mérito e capacidade e nun proceso transparente.

As funcións dos expertos que actúen como coordinadores técnicos tanto na competición nacional como nas competicións internacionais poden consultarse en <http://www.todofp.es/sobre-fp/competiciones-de-fp.html>

Requisitos dos aspirantes:

- a) Pertencer ao corpo de profesores de Ensinanza Secundaria o Profesores Técnicos de Formación Profesional, en calquera especialidade relacionada coas modalidades de competición polas que se opte. A relación atópase no Anexo I.
- b) Acreditar, polo menos, o nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, en inglés. Este requisito deberá acreditarse con calquera dos documentos xustificativos especificados no Anexo II.



Inscripción dos candidatos e prazo de presentación das solicitudes

Quen desexe tomar parte neste proceso deberá cumprimentar unha solicitude, conforme ao modelo establecido no Anexo III, sinalando a modalidade de competición pola que opta, e xuntar un currículo vítae en formato Europass (<https://europass.cedefop.europa.eu/document/curriculum-vitae>), e remitir esta documentación, antes do 15 de xuño, á seguinte dirección de correo electrónico: sxfp@edu.xunta.es

Serán excluídos do proceso aqueles aspirantes que non reúnan os requisitos de participación establecidos ou que presentasen a súa solicitude fóra de prazo ou incumprindo os termos formais de presentación. En calquera momento do proceso selectivo poderase solicitar a acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos e dos méritos alegados.

Selección de candidatos

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a través da comisión de selección establecida no apartado seguinte, procederá á valoración dos méritos xustificadas documentalmente polos candidatos, aplicando os seguintes criterios:

- a) Experiencia como xefe de expertos, xefe de expertos adxunto, experto ou xefe de taller en calquera competición internacional de Worldskills. Este apartado valorarase como máximo con 3 puntos.
- b) Experiencia como coordinador técnico, xefe de expertos, xefe de expertos adxunto, experto ou membro do xurado en campionatos nacionais de formación profesional. Este apartado valorarase como máximo con 2 puntos.
- c) Experiencia como coordinador técnico, xefe de expertos ou membro do xurado en campionatos autonómicos de formación profesional. Este apartado valorarase como máximo con 1 punto.
- d) Experiencia na coordinación dos grupos de traballo para a elaboración dos títulos de formación profesional do sistema educativo, o como expertos dos mesmos. Este apartado valorarase como máximo con 1 punto.
- e) Nivel superior ao B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, en inglés. Este apartado valorarase como máximo con 3 puntos.

Do resultado da aplicación dos criterios de valoración seleccionarase un experto para cada unha das disciplinas ás que fai referencia o Anexo I.

Comisión de Selección

Establecerase unha comisión de selección estará formada por:



- a) A Subdirectora Xeral Formación Profesional, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidenta.
- b) Catro persoas representantes da Subdirección Xeral Formación Profesional.

Esta comisión de selección avaliará os méritos alegados polos candidatos de acordo cos criterios de selección establecidos no apartado anterior, podendo solicitar unha entrevista persoal con calquera dos aspirantes co obxecto de comprobar o alcance dos méritos presentados.

Designación de expertos pola Comunidade Autónoma

Unha vez seleccionados os candidatos, remitirase a relación dos mesmos á Dirección Xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

A continuación, comezará a segunda fase do proceso de selección que é responsabilidade da Dirección Xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. As súas instrucións, que recollen todos os demais aspectos deste proceso, designación de expertos, gastos xerados polo grupo de expertos, recoñecemento, compensación económica e publicidade, pódense consultar en <http://www.todofp.es/sobre-fp/competiciones-de-fp.html>.